

Eva Veiga, autora do manifesto da AELG: "A poesía de Rosalía chega a todos os ámbitos e valores da sociedade"

A Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG) encargou este ano o seu manifesto polo Día de Rosalía de Castro a Eva Veiga (Pontedeume, 1961). Leuno este domingo no acto central desta efeméride no Panteón de Galegos e Galegas Ilustres, en Compostela, e tamén se lerá en todos os actos promovidos pola AELG, así como nos organizados por outras entidades que se sumen ás propostas de concellos, asociacións e centros de ensino. O lema escollido para este 2026 é 'Mais eles tamén perdidos'.

Roi Fernández 23 de febreiro de 2026

<https://www.nosdiario.gal/articulo/cultura/eva-veiga-escritora-encargada-do-manifesto-rosalia-castro-da-aelg-sua-poesia-permea-todos-ambitos-valores-da-sociedade/20260223105813248206.html>

—Que importancia ten Rosalía de Castro a día de hoxe?

A obra de Rosalía ten unha vixencia absoluta. É unha poeta universal e a súa escrita aborda a problemática humana en toda a súa fondura e matices dunha maneira tan eficaz poeticamente que chega a todos e a todas. Rosalía fala do fundamental do ser humano dunha maneira que me parece fascinante: o modo no que vincula o íntimo co mundo. Hoxe en día iso é algo moi interesnate, porque ás veces nós separamos esas dúas esferas; reducimos o íntimo ao feminino e o mundo ao masculino. Vincular eses dous aspectos, como fixo Rosalía, a dimensión social e política do ser humano, é fundamental para entendernos.

—Que supuxo para vostede redactar o manifesto da AELG deste ano?

Unha honra, amo a Rosalía de Castro. Que a Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega me encargue o manifesto é unha honra e tamén teño unha grande emoción. Desde o punto de vista tanto poético como do contexto social e político, paréceme fundamental. A súa poesía permea toda a sociedade e os seus ámbitos, e é un valor impresionante e impagábel. Cando falas de Rosalía todo o mundo sabe quen é, mais non só polo nome, senón que tamén leron algo e quedaron prendidos e prendidas.

—Como cre que podemos seguir reivindicando Rosalía a día de hoxe?

Sobre todo, no ensino. O ensino é fundamental en todos os sentidos. Rosalía é unha poeta que os rapaces acollen perfectamente. Temos feito recitais nos institutos e enténdena, e isto implica reflexionar sobre a condición humana e o mundo. Paréceme fundamental, así como falar de Rosalía de Castro onde se poida.

Manifesto da AELG polo Día de Rosalía de Castro de 2026

*Comprenderás estonces
como abranda a delor as pedras frías,
anque abrandar non poida
almas de ferro e peitos homicidas.*
Rosalía de Castro

Cara a onde imos?

Esta é unha pregunta que a bo seguro a Humanidade vén facendo en todo momento ao longo da súa historia, pois adoito camiñamos ás atoutiñadas, abríndonos paso no escuro. Mais talvez nunca como agora semellou esa cegueira tan perigosa para a supervivencia da especie, mergullada nunha imparabile e global complexidade onde as redes de (des)información parecen arredarnos, máis que achegarnos, dun atinado coñecemento do real. Un coñecemento que deberá ir alén da ciencia e da tecnoloxía; e unha realidade que atinxe a vida cotiá da meirande parte da poboación mundial cada vez máis súbdita dos poderes económicos e dunha escala de valores que admira a riqueza, odia o pobre e apenas se escandaliza ante a inxustiza. No entanto, de tal triste condición xa nos advertiu Rosalía de Castro –“Tirá pedras ó caído”–, cuxa obra aborda con verdade e lucidez a problemática humana tanto no que á emocionalidade se refire como á súa dimensión social e política.

Un legado, o seu, de total vixencia neste noso mundo do que cada quen, nalgunha medida, somos responsables. Un mundo que a día de hoxe produce alimentos suficientes para fornecer 1,5 veces a poboación actual e, non obstante, no que 673 millóns de persoas sofren de alimentación insuficiente, segundo datos da FAO. Miles e miles de crianzas morren de fame ou desnutrición severa. Como definir, entón, esta especie que dicimos humana?

*Tempra un neno no húmido pórtico...
Da fame e do frío
ten o sello, o seu rostro de ánxel (...)
E mentras que el dorme
triste imaxen da dor i a miseria,
van e vén ja adoraren ó Altísimo,
fariseios!, os grandes da terra,
sin que ó ver do inocente a orfandade
se calme dos ricos a sede avarienta.*

En efecto, só a compaixón cos máis vulnerables e a denuncia da cobiza dun capitalismo salvaxe xunto a esa hipocrisía que perverte o auténtico significado das palabras e do pensamento, poden crear un estado de conciencia crítica que limite as accións criminais dos poderes económicos e políticos que perpetrar, ante os nosos ollos, xenocidios en Gaza, Sudán, República Democrática do Congo, Nagorno-Karabakh, Nixeria, Etiopía ou a China. Víctimas da fame e de todas as posibles formas de violencia, milleiros de persoas foxen desas circunstancias en procura de refuxio ou de oportunidades para sobrevivir. “Miran para o mar/ os que noutras terras/ ten que buscar pan”. Segundo o CEAR, sete persoas migrantes e refuxiadas morren de media cada día no mar. Se a hospitalidade debера ser signo de civilización, como entender ese odio cada vez maior ao que chega en precariedade e desamparo? Que sociedade estamos a construír se o racismo, a xenofobia e a aporofobia medran ao abeiro de discursos tan irresponsables como infames? Se

un Estado non pode dar acollemento a quen nada ten ou o perdeu todo, a quen desafiuza ou non pode acceder a unha vivenda digna, onde radica a súa razón de ser?

*mais ¿cómo pagar, cómo, si un non pode
inda pagar a renda?*

*Embargaránnos todo, que non teñen
esas xentes conciencia, nin ten alma.*

Se non reaximos fronte a esa acumulación obscena que reteñen un reducido grupo de magnates, multinacionais ou fondos voitres que dirixen o mundo, provocando desigualdade, cambio climático, explotación laboral, escravitude e guerras, veranse reforzados por respostas cómplices de resignación e servilismo que ata os desfavorecidos defenden, cativos da súa ignorancia. Semella así que vivimos nun sistema feudal, moi lonxe da Declaración dos Dereitos Humanos ou do Dereito Internacional e tan preto da impunidade da clase poderosa. “Mais socede nesta vida/ que os que ten culpa na levan.” Así e todo, Rosalía non se resigna e nós tampouco. Con ela queremos loitar contra o patriarcado, contra a trata de seres humanos, contra o autoritarismo, contra todas as inxustizas e a prol dunha humanidade responsable que coida da infancia e da educación humanista, aberta ao outro, ao diferente, capaz de mostrar empatía e colaboración. Falamos da bondade que é a intelixencia máis evolucionada, a que procura o ben do individuo canda o ben da colectividade á fin de mellorar o mundo que habitamos. Porque xa nolo deixou escrito Rosalía, poeta universal, muller afouta e adiantada ao seu tempo que falou alto e claro:

*Sin amar cal é negra esta vida
E perde o sol o seu brillo.*